EDUCACIÓN VIARIA

O alumnado de infantil disfrutou neste circuito urbano que contaba con sinais de tráfico, cruces, semáforos, rotondas, etc.
O obxectivo da actividade era, ademáis de divertirse, coñecer alguns dos sinais de tráfico máis habituais así como iniciarse no respecto de certas normas de comportamento na condución.
Para a realización desta actividade solicitouse a colaboración a todos os nais e pais, que puideran aportar vehículos de rodas (coches, triciclos, bicicletas,...). A resposta foi moi positiva e masiva a pesares de que só precisabamos unha dúcia e media de vehículos.
Desde estas páxinas queremos agradecer a colaboración demostrada pois sen esta non se podería ter realizado este obradoiro.

O CIRCO

JAVIER . 5ºA

Esta actividade, subvencionada pola ANPA, pretende achegar ao alumnado ao mundo do circo, malabares, pallasos, actividades acrobáticas, etc.

O pasado 21 de maio, co motivo XXV aniversario da inauguración do edificio Pío XII, todo o alumnado tivemos unha actuación de pallasos no pavillón.
Tratábase de cinco pallasos que nos fixeron varios números circenses. O máis gracioso para min foi cando o pallaso máis alto, facía que choraba e saíanlle chorros de auga das súas lentes o mollaba ao público.
Todos eles inventábanse xogos e facían malabares. Un sacou pelotas dun maletín e comenzou a movelas, e resulta que unha caeulle e deformouse, pois era de mentira. Mentres unha pallasa facía malabares con cinco pelotas, os outros facían piruetas cunhas cordas atadas a canastas vellas e facíanlle cóxegas nos pés cunha pluma.
Para rematar a actuación, colleron un tubo moi longo, e todos eles tentaban abrilo ata que o conseguiron. Saíu disparado o tapón, e con él moito confeti. Pasámolo moi ben, houbo moitas risas porque eran graciosísimos.
Despois cada un foi para a súa clase.

E TAMÉN...

papiroflexia

encadernación

globos e chapas

cesteiría

maquillaxe

abalorios